

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE S^a MARÍA DE VIGO.

Expte RELACIONADO 9888-336

En Vigo , a 10 de diciembre de 2024

REUNIDOS

DUNHA PARTE, **YOLANDA AGUIAR CASTRO**, **Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo**, (*Decreto de Alcaldía de data 28.06.2024, de corrección da estrutura da administración municipal (2023-2027) sobre a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 referida a ESTRUCTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027)*).

E DOUTRA, **D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO**, **ECÓNOMO DIOCESANO**, con DNI: 7676898257B actuando na súa condición de Ecónomo Diocesano da Parroquia de Santa María de Vigo e representante da Diocese de Tui-Vigo,

MANIFESTAN

1.- Que actualmente está en vigor un convenio, aprobado na Xunta de Goberno Local en data 21/06/2024, para a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo da Casa Rectoral da parroquia de St^a María de Vigo entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo, co fin de ubicar de xeito temporal o servizo do espazo de dinamización infantil da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

2.- Que debido a que as obras de reforma do edificio da Casa da Xuventude continúan desenvolvéndose e prevése que non rematen ata dentro duns meses; propónse a sinatura dun acordo de prórroga do citado convenio ao amparo da cláusula 3^a do Convenio que di: "*- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.***"

3.- O convenio foi asinado en data 3 de xullo de 2024 polo que en consecuencia a data de finalización será a do 3 de xaneiro de 2025.

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE S^a MARÍA DE VIGO por **seis meses máis**, dende a data de finalización do mesmo que é o 3 de xaneiro de 2025.

SEGUNDO.- O presente acordo supón a aceptación entre ambas partes desta prórroga atendendo ao pactado no mencionado convenio que continuará sendo o marco normativo.



Copia do documento - Concello de Vigo
9888-336

Data impresión: 10/12/2024 14:19 | Páxina 1 de 2
CSV: AFAFC2-3F2H34-A1BC36-ZN8U7G-MYTMCY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
XUVENTUDE

CONCELLERÍA DE TURISMO
E XUVENTUDE

CONCELLO
DE VIGO



E, para que así conste aos efectos oportunos,

Vigo, data dixital

Firmado por ***9825** JESUS
MARTINEZ (R: ****0056*) el día
10/12/2024 con un certificado
emitido por AC Representación.
Ecónomo diocesano y Vicario de
economía DIÓCESIS TUI VIGO

DIOCESIS TUI-VIGO

D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO ECÓNOMO
DIOCESANO,

Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de
Área de Goberno de Política Social, Turismo e
Xuventude do Concello de Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/12/2024 14:19

Páxina 2 de 2

9888-336

CSV: AFAFC2-3F2H34-A1BC36-ZN8U7G-MYTMCY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>